



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MUGARDOS

*Modificación bases específicas do proceso de estabilización polo sistema de concurso-oposición, en execución da oferta de emprego público do ano 2022, prazas oficial 2ª grupo emerxencias supramunicipal*

#### ANUNCIO

Mediante Decreto 2022/1270, do 26 de decembro de 2022, do concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, convocouse o proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de persoal laboral fixo do Concello de Mugar dos. Ditas prazas fo obxecto da Oferta de Emprego Público extraordinaria, aprobada mediante acordo da Xunta de Goberno local realizada con data 26.05.2022 (BOP de a Coruña nº 101 de 30 de maio de 2022), e de emenda de erros de 1 de xuño de 2022 (BOP de A Coruña nº 111 de 13.06.2022).

A través do citado decreto, tamén se aprobaron as bases específicas da convocatoria publicándose anuncio no BOP de A Coruña núm. 247 de 30.12.2024.

Coa finalidade de dar cobertura a unha nova Base específica quinta, mediante Decreto núm. 2024-1527 da concellería delegada de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior de 26.12.2024 prestouse aprobación á modificación das bases específicas da convocatoria publicada introducindo unha nova Base específica quinta e texto refundido resultante que se publica de seguido, ao abeiro do artigo 205.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:

#### **“ BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, EN EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022, PRAZAS OFICIAL 2ª GRUPO EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL**

##### **Primeira.- Obxecto da convocatoria e características das prazas.**

##### **1.1.Obxecto da convocatoria.**

É obxecto da presente convocatoria a cobertura en propiedade, polo procedemento diferenciado extraordinario de estabilización de emprego temporal, mediante o sistema de concurso-oposición, de dúas prazas de oficial 2ª grupo emerxencias supramunicipal, persoal laboral fixo, do Concello de Mugar dos, pertencente á Oferta de Emprego Público extraordinaria, aprobada mediante acordo da Xunta de Goberno local realizada con data 26.05.2022 (BOP de a Coruña nº 101 de 30 de maio de 2022), e de emenda de erros de 1 de xuño de 2022 (BOP de A Coruña nº111 de 13.06.2022

Estas prazas atópanse incluídas nos procedementos diferenciados extraordinarios de estabilización de emprego temporal aprobados ao amparo do establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

##### **1.2 Características.**

As prazas convocadas corresponden a dúas prazas de persoal laboral fixo de oficial 2ª grupo emerxencias supramunicipal, asimiladas á Escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Persoal de Oficinos, Grupo C, Subgrupo C2.

##### **1.3 Funcións.**

As funcións do posto son as que se describen nas Bases para a provisión de doce prazas para o grupo de emerxencias supramunicipal (persoal laboral), aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Mugar dos o 6 de xuño de 2013 (BOP de A Coruña nº.....): actividade laboral de intervención en incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, situacións derivadas de riscos naturais e calquera outra tarefa en materia de protección civil e emerxencias.

De xeito específico segundo o convenio de colaboración entre a xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencias supramunicipais, aprobado por Decreto de Alcaldía nº 2021-1391, de 30.12.2021, ratificado por acordo adoptado polo Pleno con data 26.01.2022:

· Intervir en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. No caso de incendios forestais coordinaranse técnicamente co distrito forestal. No caso de que na súa demarcación exista parque comarcal de bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizarase de xeito coordinado con este.

- Definir e manter as redes de faixas de Xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais de competencia municipal.
- Investigar a propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal en aplicación na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear descontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais ou de influencia forestal de titularidade dos Concellos ou de propietario descoñecido e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas segundo a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- Realizar actuación de prevención da vespa velutina por seguridade da poboación tales como control e retirada de niños, entre outras actuacións que contribúan a súa prevención.
- Prácticas preventivas naqueles caminos e espazos públicos que poidan ao mesmo tempo servir de cortalumes.
- Intervir en situación de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas, e sen ser responsables do seu mantemento, mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, utilizando para elo os materiais e medios que se requiran. A responsabilidade derivada das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía na que se produza o sinistro
- Intervir en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntamentos de terra, situacións de seca, así como actividades de control fronte a vespa velutina por seguridade das persoas.
- Colaborar e, de ser o caso, intervenir en situacións derivadas de riscos inducidos polo home.
- Colaborar coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados. As actuacións serán obxectivamente analizadas polo Concello sede.
- Colaborar e prestar apoio en calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou medioambiente.
- Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos plans de emerxencia municipal (PEMUS), plans de actuación municipal (PAM), e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.
- Realizar actividades e, se é o caso, establecer medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de riscos indicadas nos apartados anteriores.
- Retirada de animais feridos, mortos ou abandonados, que ocasionen un risco para a salubridade ou risco pola perigosidade debido á tipoloxía, raza, estado, ou situación do animal, sempre que o Concello onde se atope o animal se faga cargo de aboar o custo do seu depósito nun refuxio, canceira, zoolóxico, etc, dando el a orde de recollida e indicando onde se vai aleva.
- Eventualmente axudarán a garantir a sanidade e a salubridade das persoas, dos espazos públicos e do medio ambiente participando na limpeza e recollida de materiais nocivos que requiran ser retirados de xeito inmediato por ser un risco para as persoas, bens ou medioambiente.
- Calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio ambiente, servizos sociais, culturais, educativos e deportivos e outras de competencia municipal, vinculadas a unha situación emerxencia ou prevención da mesma, ou calquera actuación necesaria para resolver unha situación de urxencia e interese público.

## **Segunda.-Normas xerais**

A convocatoria das prazas rexerá polas presentes bases, e no non previsto nestas Bases Específicas estarase ao disposto na normativa legal de aplicación e nas Bases Xerais polas que se rexerán as convocatorias incluídas nos procedementos de estabilización de emprego temporal, aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 2022/1269, de data 26.12.2022.

### **Terceiro.-Procedemento de provisión**

#### **3.1. Procedemento de provisión.**

O sistema de provisión no procedemento extraordinario de estabilización será o concurso-oposición, de conformidade coas puntuacións e méritos que se especifican nas presentes Bases, a partir do sinalado nas Bases xerais.

#### **3.2. Condicións de valoración**

A fase de oposición será o 60% da puntuación total do concurso –oposición (máximo 60 puntos) e a fase de concurso será o 40% da puntuación total do concurso –oposición (máximo 40 puntos).

A fase de concurso realizarase con carácter previo á fase de oposición, non terá carácter eliminatorio e en ningún caso a puntuación obtida na mesma poderá servir para superar a fase de oposición; non obstante, a puntuación resultante da fase de concurso sumarase á acadada na fase de oposición, dando lugar a puntuación total final do concurso-oposición.

Considerarase superada a fase de oposición cando as persoas aspirantes teñan obtido na mesma a puntuación total mínima requirida ao efecto, segundo o disposto nas presentes bases e na base xeral décima.

Os requisitos, méritos e calquera outros datos alegados polos/as solicitantes deberán estar referidos á data de terminación do prazo de presentación de solicitudes.

### 3.3. Fase de concurso

Valoraranse os méritos pola experiencia prazas ou postos de traballo de igual ou similar categoría, grupo de clasificación e contido profesional ao convocado, e por méritos académicos e de formación.

Os méritos valoraranse con referencia á data de inicio do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso.

Consistirá na valoración dos méritos indicados a continuación e polos que as persoas aspirantes poderán acadar un máximo de 40 puntos (40% da puntuación total do concurso-oposición).

Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido debidamente presentados e acreditados, na forma e conforme aos criterios e prazos sinalados nas presentes bases xerais, así como na específicas; así aqueles que se acheguen ou acrediten fóra do prazo sinalado.

Ningún dos requisitos fixados para a participación nas convocatorias dos diferentes procesos selectivos de estabilización regulados nas presentes bases poderán ser considerados e valorados e valorados, tamén, como mérito da fase de concurso.

Os méritos valoraranse con referencia á data de inicio do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso

#### Méritos a valorar:

##### A Experiencia profesional (ate un máximo de 36 puntos).

a. Por servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente na entidade local convocante, 0,43 puntos por mes completo.

b. Por servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes da entidade local, 0,1 puntos por mes completo.

c. Por servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras Administracións Públicas, 0,14 puntos por mes completo

d. Por servizos prestados no resto do sector público, 0,03 puntos por mes completo.

A experiencia profesional na Administración pública tan so poderá acreditarse mediante unha certificación, expedida pola Administración pública na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou, as tarefas realizadas e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.

Enténdese por servizos prestados na Administración pública os que derivan dunha contratación laboral, da condición de persoal funcionario de carreira ou interino en calquera das súas modalidades.

A baremación dos méritos para as prazas a tempo parcial serán referidos á xornada obxecto da convocatoria.

Os servizos prestados que se acrediten en anos transformaranse a meses, a razón de doce meses por ano, e os expresados en días transformaranse en meses, a razón de trinta días naturais por mes. Os restos de días de cada período de servizos prestados sumánsense en bloques de 30 días para a súa transformación en meses e, tras iso, os días que finalmente resten, se son 15 ou máis, igualaranse ao mes para o cómputo de puntos, desprezándose en caso de ser menos de 15 días

Os servizos prestados a tempo parcial se reducirán proporcionalmente

##### B) Méritos académicos e de formación (ata un máximo de 4 puntos)

Valoraranse a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento de lingua galega (de nivel superior ao establecido como

requisito de acceso), os de prevención de riscos laborais, igualdade, calidade, ofimática, transparencia, protección de datos e administración electrónica.

#### **Horas requiridas para acadar a puntuación máxima:**

Grupo IV: 20 horas (0,20 puntos hora)

A acreditación dos méritos formativos ou académicos, esixirase a presentación de copia do título expedido, podendo ser requirido en calquera momento a que se aporte o título orixinal a fin de proceder á súa determinación como copia auténtica.

Non será necesario presentar a documentación acreditativa da formación cando esta figure nos expedientes do servizo de Persoal do Concello de Mugardos, previa indicación na solicitude do curso ou acción formativa de que se trate en cada caso.

#### **3.4. Fase de oposición.**

Desenvolverase unha vez finalizada a fase de concurso, e considerase superada cando as persoas aspirantes tiveran acadado a puntuación total mínima requirida. Unha vez aprobada a fase de oposición, a puntuación obtida na mesma sumarase á acadada na fase de concurso anterior, dando lugar á puntuación total final do concurso–oposición.

A fase de oposición valorarase cun máximo do 60% da puntuación total do proceso selectivo e constará dun exercicio dividido en dúas partes, que poderán realizarse en días diferentes. Unha primeira parte que acredite os coñecementos teóricos necesarios para o desempeño da función e que versará sobre materias propias do corpo e escala correspondente segundo o Anexo I Temario (máximo 30 puntos) e unha segunda parte de carácter práctico que acredite a capacidade para o desempeño da función propia do corpo e escala de acceso (máximo 30 puntos).

A primeira parte do exercicio consistirá na contestación dun cuestionario tipo test e cada pregunta disporá de tres respostas alternativas. As respostas incorrectas, non contestadas ou nulas non descontarán.

A segunda parte do exercicio poderá consistir, a elección do Tribunal, nun suposto práctico tipo test.

As dúas partes do exercicio non serán eliminatorias pero para aprobar a fase de oposición deberán obter unha puntuación mínima conxunta (pola suma das puntuacións acadadas en ambas partes) igual ou superior ao 50% da puntuación total máxima posible, e polo tanto, equivalente a un mínimo conxunto de 30 puntos, para superar a fase de oposición.

O cuestionario conterá varias preguntas de reserva, claramente identificadas como tales, no número que acorde a comisión de selección, que substituirán pola súa orde ás preguntas que no seu caso puideren ser obxecto de anulación. Ditas preguntas de reserva só serán valoradas no caso de que substitúan a algunha outra que fose obxecto de anulación. O exame cualificarase de 0 a 30 puntos. As preguntas en branco ou erróneas non descontarán.

Non será de aplicación, por tanto, a este procesos o disposto nos artigos 8 e 9 do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración local.

#### **3.5. Proba de coñecemento da lingua galega**

Proba de coñecemento da lingua galega: As persoas aspirantes que non acreditasen estar en posesión do nivel Celga 3 ou equivalente deberán facer unha proba eliminatoria que se valorará co resultado de APTO/A ou NON APTO/A.

A relación de persoas aspirantes que deberán realizar esta proba publicárase no taboleiro de anuncios da sede electrónica e de xeito complementario no portal de transparencia, unha vez publicada a puntuación do concurso.

O tempo máximo para a realización da proba e características do exercicio serán determinados polo tribunal con ocasión da indicada publicación.

#### **3.6. Exame médico.**

Unha vez finalizado o proceso, as persoas aspirantes que figuren dentro da relación de persoas aprobadas, deberán someterse obrigatoriamente a recoñecemento médico na Sociedade de Prevención ou no centro médico que sinala o Concello de Mugardos para os efectos da verificación da carencia de afeccións, integridade física, resistencia física, forza, destreza manual, coordinación visión motora, rapidez de reflexos e en xeral aquelas que non impidan o normal desenvolvemento da profesión.

#### **3.7. Criterios de desempate**

No caso de que, concluído o proceso selectivo por concurso, resultase que existe empate entre varias persoas aspirantes, se desempatará atendendo aos criterios de desempate segundo o sinalado na Base xeral décimo primeira.

#### Cuarto.-Requisitos das persoas aspirantes

As persoas participantes nos procesos de estabilización de emprego temporal que se convoquen deberán reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como persoal funcionario de carreira os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto Refundido da Lei reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, respecto do acceso o emprego público de nacionais doutros estados.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír ou estar en condicións de obter, ate o día que remate o prazo de presentación de instancias, de título de graduado en educación secundaria obrigatoria, graduado escolar ou equivalentes aos efectos laborais.

A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.

d) Posuír a capacidade e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes función ou tarefas.

e) Estar en posesión do permiso de conducir tipo C.

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas; non se encontrar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

g) As persoas aspirantes deberán acreditar estar en posesión do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega requirido para o acceso ao correspondente grupo/subgrupo, de conformidade coa Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 146 do 30 de xullo e DOG núm. 34 do 19 de febreiro, respectivamente):

Certificado de Lingua Galega 3 (Celga 3) ou título equivalente debidamente homologado.

En caso de non acreditalo, deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo a cualificación de apto ou non apto.

h) Ter ingresado na conta bancaria do Concello de Mugardos, a cantidade fixada como dereitos de exame, de conformidade coa base xeral sétima sétima.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

#### Quinta.- Curso de capacitación.

Unha vez superado o proceso de selección, e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, as persoas aspirantes realizarán un curso de carácter teórico-práctico que se impartirá pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

A participación e superación do curso formativo non será necesario para aquelas persoas aspirantes que acrediten estar en posesión do mesmo ou titulación equivalente con ocasión da presentación da documentación á que se refere a Base xeral Décimo cuarta.

## Anexo I Temario

Tema1. A Constitución Española de 1978: estrutura e contido. A organización territorial do Estado na Constitución. A Administración Local na Constitución.

Tema 2. A Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administración públicas. Capacidade de obrar e concepto de interesado. Identificación e firma dos interesados no procedemento. Fases do procedemento administrativo xeral. A resolución do procedemento administrativo. Os recursos administrativos: concepto e clases.

Tema 3. Protección civil. Funcións básicas e organización da protección civil en Galicia. Capítulos IV a VI do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia.

Tema 4. Planificación en protección civil: Plans de emerxencia municipal.

Tema 5. Incendios urbanos: teoría do lume, tipos de lumes, equipos e medios contraincendios

Tema 6. Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.

Tema 7. Accidentes de tráfico e excarceración.

Tema 8. Mercadorías perigosas: clasificación, principais riscos, identificación, transporte e intervención en accidentes con mercadorías perigosas

Tema 9. Fundamentos de primeiros auxilios: conceptos e clases, soporte vital básico e atención inicial nas emerxencias.

Tema10. Plans de autoprotección: contido mínimo dos plans de autoprotección (Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia).”

Asinado dixitalmente polo concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior, D. José Miguel Mahía Prados, en data 26 de decembro de 2022 (Delegación da Alcaldía: R.A. 2022-0615, de 26.06.2023).

2024/9379